

# II DUATLÓN POPULAR CIDADE DE NARON

---

## Organiza

---

AD NAUTICO DE NARON  
CONCELLO DE NARON  
FEDERACION GALEGA DE TRIATLON E P.M.

Contacto: nauticonaron@gmail.com  
Persoa de contacto: Amando Guerrero Gil ... Telf. 622294202

---

## Colaboran

---

Concello de Narón  
Servizo de deportes Concello de Narón  
Policía Local de Narón  
SPEIS Narón  
Secretaria Xeral para o Deporte

---

## Datos deportivos da proba

---

A proba rexerase polas normativas e regulamentos vixentes da Federación Galega de Tríatlon e Federación Española de Triatlón.

[Ver Regulamento de Competición FETRI](#)

[Ver Regulamentos FEGATRI](#)

---

## Data e horario

---

**Domingo, 3 de marzo de 2019**

Saída proba popular ás 10:20 h

Saída proba de promoción prebenxamín ás 11:45 h

---

## Lugar de Celebración e Localización

---

**Narón (A Coruña)**

Saída, transición e meta: Rúa Camiño da Praia

---

## Servizos

---

Secretaría de competición: Rúa Camiño da Praia (Saída/Meta)

Gardarroupa: Rúa Camiño da Praia (Saída/Meta)

Vestiarios e duchas: Polideportivo da Gándara (A 50 m de Saída/Meta)

---

## Programa

---

09:30 Apertura secretaría da competición

10:15 Reunión técnica proba popular

10:20 Saída proba popular

11:45 Saída proba promoción para prebenxamíns-NON COMPETITIVA- (nad@s 2011 e 2012)

11:55 Reunión técnica probas elite masculina e feminina.

12:00 Saída proba elite masculina

12:05 Saída proba elite feminina

13:30 Entrega de Premios

---

## Distancias

---

Proba Popular:

3,75 km. carreira a pé (3 voltas) + 15 km. de ciclismo (3 voltas) + 1,25 carreira a pé (1 volta)

Proba promoción prebenxamíns:

200 m. carreira a pé + 600 m. de ciclismo + 100 m. carreira a pé (distancia aproximadas)

---

## Inscricións

---

Ata ás 23:59 do martes 26 de febreiro. Non se admitirán inscricións fora de prazo.

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Tríatlon [www.fegatri.org](http://www.fegatri.org), no apartado [Regulamentos/inscricións](#). O abono da cota farase con tarxeta bancaria a través de TPV.

Prazas limitadas: 150

Prezo: 13 €uros – Cadete e prebenxamin gratuíta

Federados:

CLUBS.- Accederán a través do apartado competicións, picando na pestana [Regulamentos/Inscricións](#) e accedendo á carreira de referencia. Unha vez que se accede á carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN, e introducirase o código do club (o código a utilizar é o mesmo que o do programa de licenzas)

DEPORTISTAS INDIVIDUAIS.- Deberán introducir o seu número de licenza e a data de nacemento.

Non Federados, Licenzas 1 día:

Unha vez no apartado COMPETICIÓN picarase en [Regulamentos/Inscricións](#) para acceder á carreira. Dentro da Carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN e introduciranse os datos.

O Pagamento realizarase a través de TPV con tarxeta bancaria. Custe licenza de 1 día: 12 € + 13€ Inscrición; Total ingreso: 25€.

Cadetes inscrición gratuíta, se non están federados aboarán a licenza de 1 día de menores: 6 euros

***Prebenxamíns- A licenza de 1 día de menores será subvencionada pola organización sendo custe 0 para o deportista***

**Imprescindible, para que a inscrición sexa válida, enviar a copia do DNI en vigor á Federación: ([fegatri@hotmail.com](mailto:fegatri@hotmail.com))**

## **Baixas e política de Devolucións**

As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Tríatlon a través do correo electrónico [fegatri@hotmail.com](mailto:fegatri@hotmail.com), antes do remate do prazo de inscrición. Unha vez pechado o prazo non se fan devolucións.

As devolucións das baixas comunicadas en tempo e forma serán aboadas na semana seguinte á celebración da proba.

No caso de inscricións incompletas (falta de documentación) rematado o prazo de inscrición. Estas serán anuladas e non se farán devolucións.

## **Publicación de Listas de Inscritos**

O xoves anterior á proba publicarase a lista provisional de inscritos (esta admite reclamacións cando na listaxe se da algún erro debido ao manexo dos datos na Federación, por exemplo, baixas solicitadas en tempo que non aparecen dadas no listado, ...). É moi importante revisar este listado para ter opción a reclamar se hai algún erro no mesmo. Publicación lista definitiva: o venres anterior á proba publicarase a lista definitiva (esta é firme e xa non admite cambios).

Haberá cronometraxe electrónica con chip (Evedeport). O chip entregarase cos dorsais e o mesmo deberá de devolverse unha vez finalice a proba.

---

## **Premios**

Entregaranse medallas aos tres primeiros clasificados absolutos da prueba tanto en categoría masculina como feminina.

A proba de promoción para prebenxamíns, desenvolverase coma proba non competitiva, todos os participantes recibiran unha medalla conmemorativa do evento.

Tod@s @s participantes recibirán un agasallo conmemorativo da proba.

---

## **Reclamacións e apelacións**

Seguindo o regulamento da FEGATRI calquera participante ou técnico dalgún dos clubs inscritos poderá realizar [reclamacións](#) sobre os resultados provisionais ou sancións aplicadas por parte dos oficiais. A proba rexerese polos Regulamentos oficial da FEGATRI e FETRI.

---

## **Patrocinan**

Concello de Narón

Clínica Dental Jorge García Casal

Celso Míguez

BMK Narón

Viaxes Narón

LIDL

ARTIO, Atlantic Isotonic

Evedeport

